

Traballo exposto o xoves 23 de abril de 2009 no IES Sánchez Cantón. Clase de Lingua e Literatura Galega do século XX.

Autoras: Marta Álvarez, Laura Arias, Irene Bemposta, Ana Camuñas

Tema 1: a pena de morte. Texto 1: Jarorlav Hasek

-Material utilizado: ordenador portátil, canón de vídeo, cartolina, traballo escrito

-Tempo: 38 minutos

-Descrición: as alumnas foron explicando o tema sobre o pps, os vídeos e a cartolina alternándose as catro. Só expuxeron o tema da pena de morte. A parte literaria como fora visto na clase o texto e de acordo co profesor só entregaron o resultado, porque a exposición tiña que ser só nunha clase.



María Álvarez, Laura Arias, Irene Bemposta e Ana Camuñas.

O texto é un fragmento da novela "Aventuras do valente soldado Svejk" que foi escrito por Jaroslav Hasek, novelista e periodista checo coñecido fundamentalmente pola mencionada novela que é unha sátira antimilitarista ambientada na Gran Guerra. Esta obra é considerada a obra maestra da narrativa na lingua checa, a pesar de estar inacabada.

O autor vincula a pena de morte con ritos relixiosos de certas culturas. Na antigüidade culturas ou sociedades de oriente medio practicaban sacrificios e torturas en honra a seus deuses. Debido a creanza nestes deuses ou seus superiores practicaban ceremonias grazas as cales o individuo entraba en contacto cos Deuses e dunha forma voluntaria ou non cumpría co seu deber, incluso despois da morte. En definitiva non deixaba de ser un beneficio para toda a comunidade, pois sempre esperaban favores da divindade a cambio dos seus sacrificios. Estas prácticas continuaron e foron evolucionando co paso do tempo. Antes de proceder a execución, culturas como os caríbeles de Guinea celebraban unha especie de ritos vinculados á marra e o rito relixioso sempre a un Deus, a un seu divino.

Hasek profundiza en todo o texto na importancia que tiño a relixión e os seus representantes na execución dos sacrificios. Ademais outro aspecto importante é que os homes sempre morrían en honra a seus superiores a eles, con máis poder. Ben podían ser divindades creadas polo seu maxín ou seu reis, emperadores e calquera tipo de autoridade. O único que cambiou co paso do tempo foron estes "deuses".

En Europa cando os homes ián ás guerras eran acompañados por un sacerdote que lles lembraba que morrerían por defender ao seu rei, ao xefe do estado e aos seus intereses. Igualmente acontecía

en calquera execución, en calquera condena de pena de morte. Sempre estaba presente un sacerdote ou unha personaxe da mesma índole para acompañar ao condenado e restándolle importancia á súa vida, como se non tivese ningún valor; resaltando a figura de Cristo como verdadeiro exemplo de sacrificio.

O autor enchea no texto unha forte crítica cara á Igrexa, cara os seus representantes dando a entender que solo se moven polo seu propio interese, polo seu propio benestar. Aporan calquera pena de morte como a guillotina en Francia, a forca en Prusia, a cadeira eléctrica en América...

Memo na Guerra Mundial, acontecemento no que está ambientada a novela, está moi presente a relixión. Os sacerdotes de todos os exercitos valtense da súa fe e invocan aos seus deuses para que gane a guerra o partido político que máis lles beneficie a cada un deles. Non velan polo ben da sociedade, polo ben dos demais, senón que son movidos por un profundo egoísmo, a pesar dos requisitos que eles mesmos presentan para a pena, por exemplo, que a pena ha de ser xusta e útil á comunidade en xeral e tamén as persoas máis directamente relacionada con ela. Sen embargo personaxes como Adalbert que facilmente podería ser condenado coma un criminal por matar aos escravos do Báltico, son nomeados santos pola Igrexa. Resulta contradictorio que alguén asesine a unha persoa cunha espada nunha man e un crucifixo noutro, pois a relixión non establece a pena capital, o asesinato nas súas normas, senón que a condena, como fai a relixión católica nos dez mandamentos. O certo é que a pena de morte e a relixión

foron colidadas da man ao longo do tempo. As relixións e as súas institucións tiveron un papel enorme na mentalidade dos homes. Mais co paso do tempo as posturas fronte a pena de morte foron variando. Se ben é certo, na relixión católica, a pena de morte encontrou xustificación nas palabras do Antigo Testamento, na actualidade a postura xa non é tan clara. A Igrexa foi partidaria durante moitos séculos da sanción capital como manifestou coa Inquisición.

Polo tanto, todo o texto é unha análise da pena de morte que desde a antigüidade estivo fortemente vinculada á relixión, debido á práctica de ritos relixiosos antes dos sacrificios ou pola presenza dos representantes da Igrexa en todas as execucións.

A pena de morte ou pena capital consiste na execución dun condenado por parte do Estado, como castigo por un delito establecido na legislación. A pena de morte existiu á par coa humanidade. É ben sabido que os gregos tiveron unha gran influencia cultural en Roma, se ben os romanos destacaron pola súa vasta xurispredencia e os outros por sei grandes filósofos, binomio que fixo surtir a filosofía do Dereito, de aí a regulación das relacións entre os homes e o Estado, así como consecuente castigo a quenes cometían violacións ás leis impostas.

Polo que respecta ás sociedades precolombinas, sábese que aplicaban as penas consistentes no pobo de tormentos o a morte, sendo o gran sacerdote quen as imponía, ordenaba as execucións e se cumprían. Entre os astecas, as leis caracterizábanse pola súa estrita severidade. Tamén no pobo dos touascos existía a pena de morte e no adultério a pena transcendía a toda a familia do adultero. Outras culturas que mantiveron a pena capital foron o pobo maia e o México Independente.

A pena de morte foi aplicada no mundo oriental, grego e romano e a pesar dos sentimentalismos do cristianismo primitivo, nas institucións xurídicas da Igrexa imperial, bárbara, da feudal e da Inquisición, afianzándose vigorosamente nos estatutos e nas leis da Idade Media e particularmente durante os séculos XVI, XVII e XVIII. Nesta época o dereito penal caracterizábase por:

- Endurecemento: impoñí a pena capital a unha persoa con 17 anos, que cometese un simple furto na Cate.
- A transcendencia ás familiares.

- A possibilidade de impor penas arbitrarias.
- A desigualdade ante as penas según a categoría do condeado.
- Calificar como delitos máis graves os de lesa maxestade divina e humana.
- Empregar modalidades cruéis.

A mediados do século XVIII iníciase unha controversia sobre a pena capital. Abolicionistas e antiabolicionistas enfrontáanse. Na fronte abolicionista adópanse Voltaire, Urmuno... pero o máis destacado é Cesare de Beccaria. No bando dos antiabolicionistas están Rousseau, Balmes... Nas súas orixes o movemento abolicionista non sempre foi total, non sempre se pediu a abolición da sanción capital, reducindo os delitos merecedores de dita sanción. Poro tanto, a finais do s. XVIII existe en todo o mundo unha tendencia a empregar formas de execución menos dolorosas e máis humanitarias. En Francia apareceu a Guillotina, en EE. UU a silla eléctrica e a cámara de gas e no Reino Unido prohibíuse a pena de aforcamento con descuartizamento.

Entrando no s. XIX é cando nalgúns países comeza a abogarse pola abolición total. Desde mediados do s. pasado ata a 1ª Guerra Mundial, prosegue, cada vez con máis firmeza, o movemento abolicionista: doutrinal e lexislativo. A posguerra é a primeira contenda mundial, non favorable para o movemento abolicionista. O mesmo sucedeu no período da 2ª Guerra Mundial, neste período produciuse un retroceso do abolicionismo. O s. XX foi un dos máis sangrentos da historia da humanidade. As organizacións militares modernas empregaron a pena capital como medio para manter a disciplina militar. O fusilamento converteuse no

principal método de execución no ámbito militar desde a aparición das armas de fogo. Os estados con réximes fascistas o comunistas usaron a pena de morte coma un potente modo de opresión política.

Sen embargo, podemos afirmar, que tras as conmocións acontecidas no mundo durante o s. XX replanteouse a abolición da pena de morte. A evolución do abolicionismo foi ascendente na 2ª metade do s. XX.

A organización da ONU surge tras a 2ª Guerra Mundial para evitar outra vez as catástrofes ocorridas durante o s. XX, en definitiva, conseguir un mundo en paz, baixo unha vía democrática e de respecto aos dereitos individuais. A ONU desde os seus inicios preocupouse pola cuestión da pena capital. A Asamble Xeral invitou ó Consello Económico e Social a iniciar un estudo sobre a pena capital. O obxectivo principal era restrinxir progresivamente o número de delitos nos que incurre dita pena, sen perder de vista a conveniencia de abolir esta pena en todos os países. Pero as resolucións tomadas quedaron en simples recomendacións aos Estados, acompañadas dunha serie de garantías para aqueles que sean condenados a' pena de morte, tales como a idade mínima (18 anos), para que a pena poida ser aplicada, a aplicación do Principio de Legalidade, é dicir, a pena está recollida pola lei para ese delito en concreto, que deben ser persoas sanas, que non haxa posibilidade de que sea inocente e o dereito a obter o perdón. Cabe destacar un punto normativo, recollido na propia Carta Funcional, o Principio de non-inxerencia nos asuntos dos Estados membros. Isto conleva dificultades á hora de realizar calquera obriga a nivel mundial.

Nota: o pps foi elaborado polas 4 alumnas, os vídeos baixados da rede

A pena capital no mundo.

A execución de criminais e disidentes políticos foi empregada por case todas as sociedades nun momento ou outro da súa historia, tanto para castigar o crime como para suprimir a disensión política. Actualmente o uso da pena capital foi abolida en case todos os países europeos (excepto Bielorrusia) e a maioría dos correspondentes a Oceanía (como Australia, Nova Zelandia e Timor Oriental). En América, Canadá e a maioría dos países latinoamericanos aboliron completamente a pena de morte, mentres que EEUU de América, Guatemala e a maioría dos estados do Caribe a manteñen en vigor, e Brasil a contempla como castigo en situación excepcionais, como por exemplo, para castigar a traición cometida en tempo de guerra. En Asia a pena de morte está permitida en democracias como Xapón e India. En África, se aplica a pena capital aínda en democracias como Botswana e Zambia.

CRONOLOGÍA DA PENA DE MORTE EN ESPAÑA.

1828: A Pena de Morte está vixente en España.

1870: O Código Penal Español establece a pena de morte que se executará en garrote sobre tablado.

1873: Durante a Primeira República Española. No tempo no que Salmelón foi presidente da República, a pena capital foi abolida, mentres que, tras a súa dimisión, o seu sucesor, Castelar, foi reinstaurada.

1873-1931: No periodo da Restauración, a pena de morte sigue vixente.

1932: A Segunda República abole a pena de morte.

1934-1960: prodúcese unha ampliación da pena de morte.

1978: Publicación do "Proyecto de Lei sobre a abolición da pena de morte no Código Penal. Establécese a abolición da pena de morte.

1983: A Reforma do 25 de xuño supón a desaparición do Código Penal da Pena de morte para todos os delitos.